

Limiar

Nomes, listaxes, números... A obra que tendes diante é moito máis que as frías cifras. É ben certo que as representacións fotográficas nos achegan ás persoas, que unha imaxe vale máis que mil palabras..., mais precisamos tamén da reflexión. Cantas obras se levan escrito sobre o golpe militar e a represión posterior en Galiza? Moitas, mais non hai nada que nos achegue mais ás perspectivas vitais que a imaxe. O que vemos, crémolo moito máis sinxelamente que o escrito.

Mais estas fotografías ancoradas naquel tempo, transcorridas xa máis de sete décadas, aínda non nos chegan para apreciar todo o que hai detrás. Porque estamos seguros de que cada unha das vidas que foron segadas pola barbarie, podería encher o seu propio libro independente. Mais, tamén, porque cada historia individual contribúe a que poidamos recuperar a historia colectiva daquel tempo: todo o que significaron aqueles anos trinta que marcaron de xeito indubidábel o devir da sociedade de dez concellos da bisbarra coruñesa: Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros e Sada. E tamén da sociedade galega, a española e a mundial. Non fomos algo illado, senón unha sociedade conectada coa realidade deses anos en que a política se vivía dun xeito ben distinto a este noso tempo da chamada sociedade do benestar. Por iso, permítasenos indicar que as persoas que traballamos sobre aquel pasado non ausente, decatámonos da desproporción que existe entre o que foron aqueles anos e a visión que deles ten a sociedade actual. E non é só porque os medios de comunicación recollan tan só aquilo que lles poida interesar máis, senón tamén porque temos unha identidade determinada, cunha cultura de convivencia que ten eivas notábeis. É este un problema que non procede só do franquismo, mais a continuación da violencia como elemento consubstancial do “Nuevo Estado” non fixo máis que mantelo e agravalo.

Un dos déficits que padece a nosa sociedade é precisamente a dificultade para entender o seu pasado dun xeito complexo, atendendo á multiplicidade de variábeis. É mais sinxelo e cómodo reduci-lo a un conflito maniqueo, entre forzas máis ou menos

8

Proxecto “Nomes e Voces”

limitadas a propostas absolutas, que representan o ben e o mal. O desenvolvemento deste pensamento lévanos á reafirmación das nosas propostas mais non ao coñecemento das que non coinciden coas nosas. Isto non pasa noutras sociedades da nosa contorna que entenden o pasado como algo que se constrúe de xeito permanente, como unha base de coñecemento que permite aprender dos erros cometidos e mellorar os obxectivos conxuntos como sociedade. O gran desaxuste entre unhas culturas e outras obsérvase na consideración social dos historiadores, entendidos como ‘notarios dun pasado’, como os responsábeis de moldear a memoria e a identidade colectiva dunha sociedade. Non se percibe aínda esa consideración na inmensa maioría da nosa sociedade e mesmo nos atreveríamos a pensar que acontece todo o contrario. A confusión entre historia e propaganda ten enchoupado mesmo o propio gremio de historiadores e historiadoras, pois ás veces os investigadores non son quen de atopar un termo medio entre a fría autopsia do forense e os berros do seareiro dun equipo de fútbol; entre a equidistancia e o

sectarismo. Quizais sexa tempo de asumir e explicar que a xente que investiga a nosa historia é xente comprometida en maior ou menor medida coa sociedade en que vive, que ten a súa propia ética e valores e que traballa cada un dende a súa perspectiva para ofrecer á sociedade unha ferramenta de transformación, construída a partir dos datos e as distintas interpretacións do noso pasado.

Non é o lugar nin o momento para tentar achegarse aos porqués destas circunstancias, mais o que se pode apreciar ás claras é unha certa banalización do coñecemento do pasado. E no tema concreto da construción do réxime franquista, moito máis. Ás veces, o interese non reside tanto en comprender os porqués do que pasou, senón en xustificar “a posteriori” a propia versión cun relato que se pretende histórico. E a historia non é iso. Non pretende ser iso. Pretende ser o contraste dos pareceres na procura dunha interpretación máis ou menos común do noso pasado, á luz de determinados feitos. Debate, diálogo, contraste... e sobre todo, construción permanente.

Porque a perda da lembranza do que aconteceu naqueles anos semella ser un trazo moi singular da nosa sociedade, se a

9

A REPRESIÓN FRANQUISTA NA COMARCA DA CORUÑA

comparamos coas sociedades nadas das transicións de ditaduras a réximes democráticos no contexto mundial; non só as dos anos setenta, en que estes procesos foron levados de xeito bastante distinto ás dos anos corenta, senón mesmo as da actualidade. Se hai algunha característica particular respecto da nosa contorna é precisamente a inserción dos conceptos ‘reparación’ e ‘xustiza’ no termo ‘memoria histórica’, sendo absorbidos e deglutidos os dous primeiros polo último. Para reiteralo unha vez máis: memoria non é historia, mais tampouco é totalmente ‘reparación’ –máis que a moral e a ética– nin por suposto é unha aplicación relativa ao plano xudicial.

O silencio respecto deste tema non o inicia a Transición, nin tan sequera o crea o réxime franquista, aínda que evidentemente o desenvolve e perfecciona. Tampouco o crean as familias tras o enorme trauma que as asolaga durante toda unha vida, malia que son a mellor expresión do mesmo. O proceso do silencio iníciase na vontade manifesta de facer desaparecer, de borrar, de limpar todo rastro das persoas que foron sacadas das súas casas de noite, ou das que sacaron, tamén de noite, da cadea para seren masacradas por sectores paramilitares e fascistas... O silencio iníciase coa vontade de converter en ‘desaparecidas’ –coa maior violencia posíbel, como rezaba a circular de Mola previa ao golpe– todas as persoas que participaran, sentiran e interiorizaran a necesidade de vivir nunha sociedade máis xusta e libre. Até tal punto ese silencio resultou eficaz, que nesta mesma publicación aínda hai moitos baleiros na información relativa ás vítimas da represión. Pero é aínda máis grave a certeza de que houbo un número indeterminado de vítimas das que non hai –nin haberá posíbelmente nunca– ningunha referencia. Desapareceron. Tres cuartos de século despois resulta difícil recoller referencias que non sexan escritas e oficiais, e estas son valiosas mais non chegan para reconstruír un proceso destas características. A distancia temporal fai cada vez máis inviábel asumir a certificación absoluta destas cifras sen sometela a procesos de constante revisión, pois a información oficial é só a punta do iceberg.

Estas listaxes reflicten unha parte do esqueleto daquela sociedade.

Precisamente daquel conxunto de homes e mulleres que os novos detentores do poder consideraron necesario facer desa10

Proxecto "Nomes e Voces"

parecer. É necesario recordar contra que ían, mais non podemos caer no reduccionismo. Non ían só contra os inimigos políticos ou contra os inimigos de clase social ou status, senón contra todas as persoas que traballaban por construír un horizonte vital máis libre e igualitario. É dicir, ían contra aqueles que emprazaban os sectores máis retrógrados da sociedade ao diálogo, á interpretación, ao contraste de pareceres e, por que non, a un máis xusto reparto da riqueza e ao recoñecemento das distintas realidades nacionais. Da noite para a mañá aquela sociedade dinámica e plural foi substituída por un réxime en que imperaba a disciplina, a obediencia, a sospeita xa non só do inimigo, senón tamén dos mesmos depositarios da amizade de anos ou daqueles cos que se realizaba a convivencia diaria. Dun día para outro, pasouse dunha sociedade que tentaba ser libre, de pensamento e obra, a un estado de delación permanente, auspiciado polos dirixentes do Estado. Instalouse unha situación de suprema desconfianza, que empezaba na cúspide desta pirámide polos mesmos dirixentes. Aquela xente que vivía na bisbarra coruñesa no tempo republicano non podía coñecer o drama que lle acontecería ao pouco tempo. É certo que sabía do predominio dos grupos conservadores no rumbo do Estado até a primavera de 1931, e tamén das tentativas revolucionarias de botar abaixo a república burguesa como a de outubro de 1934. Non é nada estraño, pois, que no mundo dos anos trinta se respirase en clave de violencia política. Os roteiros vitais que tendes nas páxinas seguintes corresponden á época do ascenso do nazismo en Alemaña, da chegada ao poder de Dollfuss nunha Austria democrática, da permanencia do fascismo italiano por máis dunha década, da deriva das organizacións conservadoras tradicionais cara ás organizacións fascistas en toda Europa, mais tamén da ditadura de Stalin na Unión Soviética, das frustradas tentativas revolucionarias en boa parte da Europa occidental, da crise económica de 1929... E todo isto cunha clara fragmentación social que deixaba translucir a persistencia de fortes desigualdades. A expansión da clase media sería un produto da sociedade do benestar despois de 1945, entre outras razóns para evitar o acontecido nos anos trinta.

Con todas estas circunstancias, era evidente que a percepción da debilidade da democracia republicana en Europa era un fei11

A REPRESIÓN FRANQUISTA NA COMARCA DA CORUÑA

to. Mais en España a República tiña un problema engadido: que aquel sistema político nacera había pouco e non lle dera tempo a facer madurar outros valores na sociedade. En calquera caso, na vontade dos axentes sociais que fixeron posíbel a chegada da Segunda República atopábase, sen dúbida, a necesidade dun proceso acelerado (debido ás eivas existentes) de cambio, que permitise unha certa equiparación coa realidade europea do momento. O proceso democrático no Estado chegou tarde, mais tamén é verdade que aquela sociedade galega de masas estaba xa demandando outra realidade distinta ao decrépito réxime da Restauración. De todo isto resultaba un conglomerado explosivo que só precisou que unha das varias mechas que se lle acenderon durante os cinco anos republicanos estoupara ao cabo. A moitas sociedades da nosa contorna sucedeu o mesmo axuste pouco tempo máis tarde, tras a Segunda Guerra Mundial, mais xa nun contexto ben distinto. Do atemperamento do Pacto de Múnic

pasouse aos xuízos de Nuremberg. Nese novo contexto, despois de 1945, a loita militar entre sectores comunistas e conservadores entorpecía a construción dunha nova sociedade que pretendía reparar as orixes do conflito bélico, a creba social e económica.

Se cadra agora sabémolo, mais nos contemporáneos dos anos trinta non existía esa vontade, senón outras.

Se dentro da estratexia das correntes hexemónicas do movemento obreiro e das elites republicanas –estas últimas maioritariamente progresistas mais tamén de ámbito conservador–, estaba a idea de emprender aquel proceso de cambio baseado nas liberdades cívicas, é evidente que non o sacaban da manga nin da chistera. A consecución dos dereitos políticos plenos convertérase nos anos finais da Ditadura de Primo de Rivera nun clamor de tal calibre que o traspaso de poder se realizou por primeira vez no Estado español sen violencia, de xeito pacífico: a chamada ‘revolución incruenta’. Cómpre decatarse: por primeira vez.

Este xeito de tránsito non era o normal, senón que o habitual era o contrario: a aplicación violenta dos cambios e sempre con presenza militar, independentemente das posicións progresistas ou conservadoras de cadaquén. Até 1931.

Aquela sociedade republicana camiñaba durante os primeiros meses de goberno cara á construción dun futuro máis democrático,

Proxecto “Nomes e Voces”

que superase os degradados condicionantes sociopolíticos da Restauración monárquica. Agora que o tema da democracia e a súa perfectibilidade é un tema inescusábel no debate político, cómpre subliñar que non queremos dicir que o período republicano fose o paraíso perdido ou unha situación idílica. Había moitos problemas que ían dende a inexperiencia inicial dos primeiros dirixentes (velaí o volume de intelectuais que inzou a primeira lexislatura republicana nas Cortes), á existencia de erros propios na práctica de goberno en temas clave como foron o descontrol da cuestión relixiosa, a militarización da orde pública, ou a parsimonia nas reformas sociais. Mais o importante non eran tanto os erros na práctica, algo remediábel no devir do propio réxime republicano, senón trazar unhas novas regras de xogo máis democráticas, con melloras no eido da convivencia cidadá, na integración social ou no respecto ás ideas, e sobre todo afastar a consideración da política como algo profesional, relacionado con certas dinastías familiares que se amosaban alleas ao sentir de boa parte da sociedade. Neste último punto o éxito foi salientábel. Aqueles anos da República foron os anos do acceso das masas á política, de tal xeito que mesmo cando os grupos das elites progresistas necesitaban acceder ao goberno tiñan que contar con elas.

A República non puido rematar coas desigualdades económicas e sociais. Nin sequera emprendeu de maneira sistemática as grandes reformas reclamadas polo campesiñado e a clase obreira, nin tampouco cubriu as expectativas de quen reclamaba unha visión plurinacional do Estado. Mais si foi quen de crear un marco institucional baseado no desenvolvemento das liberdades civís, no respecto e na convivencia, que permitiu a expresión de culturas políticas e sociais que xa viñan reclamando o seu espazo dende a alborada do século XX. Malia o escaso tempo que durou o réxime –cinco anos– a súa pegada nese eido foi notábel. O breve período republicano non só significou un avance con respecto aos tempos previos, senón que, en contraste coa ditadura franquista e a sociedade murcha e

traumatizada que xerou, foi un tempo de ilusión e de esperanza que, con todas as súas eivas, aínda hoxe non perdeu o seu atractivo como referente.